

Sr. Alcalde: moi bos días a todos e vamos a comezar o pleno, pero antes de nada, quero anunciar de que hoxe, por primeira vez, se van a gravar os plenos, polo tanto mandarlle un saúdo a todas as persoas que a través das canles estean dentro, ao mellor en directo e para que que o saiban tamén os todos membros da corporación. Parece ser que non era posible, pero parece que si, que xa pode entrar en funcionamento neste momento. Un saúdo desde Sanxenxo para todos os que nos estean vendo.

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO EN CONTRA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA DE 16 DE AGOSTO DE 2017, APROBATORIO DO PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REGULAN A LICITACIÓN DO SERVIZO PUBLICO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 24 de outubro de 2017 sobre esta proposta.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, da lectura a seguinte emenda:

“Dª María Deza Martínez, concelleira do Concello de Sanxenxo e ao abeiro do artigo 97.5 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, regulador da presentación das emendas ás propostas de acordo, presento por escrito a seguinte emenda á proposta de acordo de interposición de recurso contencioso administrativo contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra do 16 de agosto de 2017, aprobatorio do prego de condicións administrativas particulares que regulan a licitación do servizo público de auga potable e saneamento do Concello de Pontevedra, incluído no expediente de contratación da xestión integral do ciclo da auga no citado, ditaminado con carácter favorable na Comisión de Asuntos Xerais celebrada o 24 de outubro de 2017 no seguinte sentido:

Engadir á parte dispositiva da proposta que o *“recurso de estenderá non só contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de agosto de 2017, senón en contra de todos os acordos do Concello de Pontevedra que tivesen incidencia na aprobación do referido prego”*, quedando o texto definitivo da parte dispositiva do acordo, unha vez integrado a presente emenda, en caso de aprobarse, co seguinte texto:

--Interpoñer recurso contencioso administrativo contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra do 16 de agosto de 2017, aprobatorio do prego de condicións administrativas particulares, que regulan a licitación do servizo público de auga potable e saneamento do Concello de Pontevedra, incluído no expediente de contratación da xestión integral do ciclo da auga no citado concello e contra todos os acordos do Concello de Pontevedra que tivesen incidencia na aprobación deste prego.”

Sr. Secretario: a concelleira María Deza Martínez, presentou unha emenda que consiste en engadir á parte dispositiva da proposta a seguinte frase: *“e contra todos os acordos do Concello de Pontevedra que tivesen incidencia na aprobación deste prego”*, que se engade ao texto de acordo que quedaría co seguinte no caso de aprobarse a emenda: *“Interpoñer recurso contencioso administrativo contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra do 16 de agosto de 2017, aprobatorio do prego de condicións administrativas particulares, que regulan a licitación do servizo público de auga potable e saneamento do Concello de Pontevedra, incluído no expediente de contratación da xestión integral do ciclo da auga no citado concello e contra todos os acordos do Concello de Pontevedra que tivesen incidencia na aprobación deste prego”*. Como xa é coñecido doutras veces esta emenda se terá votar, cando chegue o momento da votación, con carácter previo a proposta de acordo e, se resulta aproba a emenda, despois xa a proposta de acordo

se votaría coa emenda incorporada.

Sr. Alcalde: moi ben, moitas grazas, antes de dar paso aos voceiros, dicir que o primeiro tenente de alcalde, Sr. Gonzalo Pita, atópase de viaxe coa Mancomunidade do Salnés, en Italia e o compañeiro, Sr. Domínguez Piñeiro, atópase ausente do concello, motivos polo que se desculpan ás súas ausencias a esta sesión. Ten a palabra a Sra. Rodríguez Búa.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita: bos días a todos, eu creo que ante a nova difusión que teñen os plenos, non se se sería conveniente que se explicase un pouco o motivo polo que estamos aquí hoxe, se así o queredes, desde o Partido Popular e alterar a quenda de intervencións.

Sr. Alcalde: paréceme ben e voulle dar a palabra á voceira do Grupo Popular.

Sra. Deza Martínez: hola bos días a todos e todas, ben a proposta que ven da alcaldía e que acaba de ler o secretario é para formular un recurso contencioso administrativo en contra dos acordos da Xunta de Goberno Local de Pontevedra sobre o prego de condicións administrativas que regulan a licitación do servizo público da auga potable e saneamento do Concello de Pontevedra, porque nese prego ven determinado que co concello de Sanxenxo hai un convenio respecto da auga que ven derivada da ETAP de Pontevedra. Unha ETAP que, como todos sabedes, é unha infraestrutura común, da que se serven seis concellos, Bueu, Vilaboa, Pontevedra, Poio, Sanxenxo, Pontevedra e Marín, unha ETAP que tivo unha serie de obras e da que participa Sanxenxo e, nese convenio, ven fixado que Sanxenxo recibe a auga en alta desa ETAP, neste discrepa Sanxenxo, porque non temos ningún convenio nin concerto con Pontevedra e ese concello non é competente para determinar nada sobre esa ETAP. É unha ETAP que recibe a auga do Lérez, é unha infraestrutura intracomunitaria, que queda dentro da comunidade galega e é competencia de Augas de Galicia e consideramos que calquera tipo de convenio, consorcio ou acordo, ten que ser entre todos os concellos, non pode ser directamente o Concello de Pontevedra o que fixe o prezo da auga para o resto dos concellos. Sanxenxo, no seu día, interpuxo un contencioso en contra do prezo da auga, que no seu día era a través dunha taxa, hoxe por medio dun prezo público. Sanxenxo está pagando a auga, por mor dese recurso que gañamos e entendemos que Pontevedra, o que pretende a través deste prego, é modificar esas condicións, polo tanto o que se plantea é recorrer este prego.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita: dou as grazas pola explicación. Á vista dos informes, se existe unha inxerencia por parte do Concello de Pontevedra nunha decisión que só afecta ao Concello de Sanxenxo e o noso deber é apoiar esta proposta. O que se espera é que cando se vaia a decidir o prezo público da auga, este non redunde en prexuízo dos veciños para que lles salga mais caro. Se que entendo que debemos participar para conseguir un mellor prezo para os veciños de Sanxenxo.

Sra González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto: bos días, eu non vou dicir absolutamente nada, porque non fun convocada á comisión informativa. Non sabía cando se ía a celebrar este pleno, decateime pola prensa, atópome nunha situación totalmente desprotexida, o partido socialista, agora mesmo, non conta neste concello, no se me din nin as mais mínimas cousas de importancia, como a ausencia do alcalde, por este motivo non podo dicir absolutamente nada.

O Sr. Presidente: cando se ausenta o alcalde, asínase unha resolución da alcaldía que se notifica aos voceiros e publícase no taboleiro de anuncios. Se vostede retrocede á constitución desta corporación, fai dous anos, con ocasión da constitución da corporación actual, presentouse un escrito do grupo mixto, no que dicía que os dous primeiros anos da lexislatura, vostede era a voceira e os seguintes dous anos, sería o Sr. Agís Balboa. Cando Sanxenxo Pode expulsa ao Sr. Agís Balboa, solicita ser concelleiro non adscrito, logo renuncia ao cuadrupartito, presenta un recurso solicitando formar parte do Grupo Mixto e gáñao. Isto é unha cuestión dos representantes do grupo mixto que deben aclarar. A situación cambiou moito desde o ano 2015. En relación co caso que nos ocupa, vostede e o partido socialista teñen os medios para decatarse de todo o relativo a este expediente. A alcaldía non recibiu ningunha solicitude de queixa ou para que lle aclarasen dúbidas pola súa parte. O da auga de Pontevedra é un tema complexo. No vai ter ningún problema en que, por parte deste goberno, mantéñallese informada e eu, persoalmente, bríndome a darlle a información os trinta días do mes ou os 365 días do ano.

Sra. González-Haba Pérez: volvo a insistir en que non me notifican a ausencia do Sr. Alcalde.

Sr. Secretario: notificase aos voceiros dos grupos políticos e, se o alcalde da a orde de que se lle mande aos 17 concelleiros, así se fará.

Sra. González-Haba Pérez: cando non pertenceu ao goberno, o Sr. Agís Balboa e non houbo esta sentenza, acudiu a todas as comisións, estivo en todos os plenos e non viu minguada en nada as súas competencias e agora represéntase a se mesmo, porque non representa a ningún grupo político, engadindo que presentou dous escritos solicitando información.

Sr. Secretario: antes de que fose concelleiro non adscrito o Sr. Agís Balboa, mandábaselle á Sra. González-Haba Pérez, porque era a voceira.

Sr. Alcalde: vou lembrar que o partido socialista non ten grupo municipal en Sanxenxo, posto que non ten dous concelleiros, que é o mínimo que hai que ter para ter un grupo municipal, polo tanto é unha concelleira do grupo mixto e tense que poñer de acordo co Sr. Agís e, se o Sr. Agís non lle informa, ese non é o meu problema. É unha cousa entre os dous. Pídlle que nos centremos nestes puntos e, cando queira, poderemos ter unha reunión, pero hoxe non estamos aquí para iso. Lémbrolle que o vindeiro pleno ordinario é o 27 de novembro, pero debemos seguir coa orde do día deste pleno.

Sra. González-Haba Pérez: vou abster, porque non teño a suficiente información sobre este asunto.

Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Mixto: agradezo á alcaldía a retransmisión por internet deste pleno, que tiña solicitado fai tempo. Con respecto ao tema que nos ocupa eu vou votar a favor, porque é en beneficio dos veciños de Sanxenxo, o que non se pode facer é que outros concellos ou institucións tomen decisións sen ter en conta aos demais, hai unha sentenza de fai uns anos que gañou Sanxenxo, onde basicamente dicía que non se podía decidir de maneira unilateral o prezo da auga. Nos últimos anos e, en función disto, Sanxenxo está pagando a ese prezo a auga. O lóxico é que non vaia adiante este prego, porque di que hai convenios con concellos, entre eles Sanxenxo, e non os hai, estamos no 2017 e as cousas hai que facelas ben. O lóxico é que haxa diálogo entre todas as institucións e que se reunisen estes seis concellos para tratar diversas cuestións, prezos, distancia, porque a auga non é de Pontevedra. Escoitei declaracións na radio e alguén do Concello de Pontevedra dixo que se querían podían cortarlle a

auga a Sanxenxo e me parecen declaracións desafortunadas e increíbles, porque a auga é un ben común e necesario. Coa auga non se pode facer negocio, que é o que parece que queren facer aquí, o importante é que se está producindo un cambio climático, non choveu, os encoros están nos mínimos, hai incendios, como as desgrazas de fai uns días e parece ser que a auga, nuns anos, vai ser un dos bens caros, un recurso e estou vendo que é un tema que leva vinte ou trinta anos e non se trata e tiran a pelota dun tellado para outro. Polo tanto é hora de sentarse a falar e solucionar problemas. O importante son os veciños de Sanxenxo e aquí non se poden recortar dereitos a ninguén e remato para dicir que vou votar a favor.

Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: bos días estamos de novo co lea da auga e no pleno de Sanxenxo, que non é nada novo, non é nada que se trate por primeira vez, o que se se repiten son os argumentos e o conflito entre o Concello de Sanxenxo e o Concello de Pontevedra con respecto do prezo da auga en alta e, en concreto, o que se propón a este pleno é interpoñer un recurso contra a decisión da xunta de goberno do Concello de Pontevedra que ten que ver co prego de condicións da concesión de auga nese concello e, efectivamente, hai unha palabra que se menciona, que hai un convenio entre ambos concellos e, realmente, non existe. E se non existe, obviamente, é atribuíble ao desencontro e ao desinterese, eu diría mesmo que é bastante evidente que hai unha relación inexistente entre estes dous concellos, existen diferenzas políticas evidentes, de partido e que é unha cuestión bastante pouco aconsellable que a relación entre institucións próximas sexa a través dos xulgados, sen sondar previamente a cuestión da relación directa, da negociación ou, en todo caso, do acordo, porque, como digo, xa se converteu en costume, hai contenciosos contra o Concello de O Grove, contra o Concello de Pontevedra e, probablemente, non serán os únicos. Entón o que se trata neste punto, é presentar un recurso contencioso administrativo contra o feito de que se inclúa unha palabra que efectivamente non existe, “convenio”, pero o contencioso é unha vía que está precedida por outras vías, durante a exposición pública, que foi no mes de setembro e editada nos boletíns oficiais, ademais polo tipo de contrato é obrigatorio que salga en todos, Boletín Oficial da Provincia, DOG, Boletín Oficial do Estado e mesmo no boletín europeo, polo tanto a ninguén se lle escapa que hai todas as informacións ou hai todas as posibilidades de alegar en tempo e forma, ou mesmo de presentar un recurso fronte a propia administración responsable da redacción, que é o Concello de Pontevedra, pero obviamente, cando se antepoñen cuestións de discrepancia, pois hai a vía contencioso administrativa, que xa se converte en costume no Concello de Sanxenxo para relacionarse cos seus veciños, chámese Pontevedra ou O Grove, polo tanto é evidente que o feito de traer aquí unha decisión dun contencioso ten que ver con que a outra, é dicir ás alegacións ou o recurso de reposición, non foi interposto, porque diría que non lles interesou, pero seguro que non se decataron, a pesar de estar editado en todos os boletíns oficias. Polo tanto denota unha incompetencia do alcalde, porque é evidente que no momento que se presentase unha alegación, íase corrixir desde o punto de vista da redacción, en todo caso, como digo, parece que a vía contencioso administrativa é a vía á que se recorre, polo tanto tal e como se plantea, o Pleno ven a xudicializar unha vez mais as cuestións e, na segunda quenda, direi mais.

Sr. alcalde: o que pasa é que eu cría que se ía pronunciar e gustaríame que se pronunciase sobre o que vai votar.

Sra. Deza Martínez: nos ao que vimos aquí, Sr. Otero Domínguez, é a defender os intereses do Concello de Sanxenxo e a vostede parécelle ben que o Concello de Pontevedra, de forma unilateral, lle fixe aos veciños de Sanxenxo o prezo da auga. Vostede alega que hai un conflito, pero ese conflito xa foi evidente cando Sanxenxo gañoulle o contencioso a Pontevedra, porque

Pontevedra quería e segue querendo facer negocio coa auga, que como ben dixo o Sr. Agís, é un ben de todos. Pontevedra non se pode apropiarse da auga do Lérez, por moito que a ETAP estea no Concello de Pontevedra. Nós ao que viñemos é a defender que a auga non salga máis cara aos veciños de Sanxenxo, mais ben todo o contrario, senón non lle plantexamos este recurso fronte a Pontevedra. Pontevedra que ten pensado facer con isto, ¿fixar o prezo unilateralmente?, é o que se deriva do prego que saca Pontevedra e o que pretende é utilizar ese ben tan prezado como a Pontevedra apetécelle. Non hai un desencontro por diferenzas políticas, non é certo. O Concello de Sanxenxo, en moitas ocasións, púxose en contacto co Concello de Pontevedra para falar sobre o tema da auga desta ETAP do Lérez. Hai escritos dentro do expediente, onde se ve perfectamente que hai comunicacións dirixidas ao alcalde de Pontevedra, para ter unha reunión sobre este tema e o alcalde de Pontevedra, xamais recibiu a anterior alcaldesa, que foi quen presentou estes escritos, para falar deste asunto, ese escrito está dentro do expediente e pódese ver, di que hai outras vías, efectivamente hai outras vías, vostede estivo dous anos como concelleiro, ¿utilizou estas vías?, agora vostede forma parte da corporación, ¿utilizou esas vías? ¿Que vías utilizou vostede? Diga que vías utilizou vostede porque, que eu saiba, na comisión de asuntos xerais, vostede non dixo “non sigamos esta vía, porque parece ser que é a única vía que se pode ter fronte a este asunto”, porque xa houbo, de feito, outro tema xudicial sobre este asunto, é unha incompetencia notable, ¿incompetencia de quen? Porque como lle volvo a dicir, vostede forma parte da corporación nos últimos dous anos, ¿vostede promoveu nalgún momento algunha mancomunidade respecto do tema da auga de Pontevedra? Porque a nos xamais nos convocou vostede a ningunha reunión de voceiros ou a algunha xunta de voceiros para explicarnos que pretendía mancomunar ese servizo. Mire, nos aquí defendemos aos veciños de Sanxenxo é o que pretendemos e que Pontevedra non xogue cos intereses dos veciños de Sanxenxo. Pontevedra está en todo o seu dereito de sacar un concurso para ter a súa concesionaria da auga, pero Sanxenxo ten que defender os seus intereses tamén.

Sra. Rodríguez Búa: simplemente para reiterar a idea inicial de que efectivamente entendo que non debe de haber por parte de Pontevedra unha decisión nun tema que afecta a Sanxenxo, pero reitero a miña esperanza de que cando Sanxenxo forme parte da decisión, non sexa para prexuízo dos veciños, quero dicir que sexa para conseguir un prezo mellor e non un prezo peor, iso era ao que me refería. En canto ao feito de que este tipo de cuestións que, nun principio, non debería de plantear problemas e que, desgraciadamente, polas posturas partidistas de uns e outros, nos metamos nestas situacións, pois claro que son desagradables, e iso facedes todos. Co cal entendo que vosoutros por iso sabedes que esta é a solución, porque cando estabades noutro lado, fixestes o mesmo. Co cal, sei que se chegades a esta solución é porque sabedes que a outra vía xa está pechada e é moi triste, pero é o que hai.

Sr. Agís Balboa: quero reiterar o que dixen antes, as decisións non deben de ser unilaterais, xa sabemos que a unilateralidade está de moda hoxe en día en España, por desgraza e non debería ser así. Hai algún membro e ademais algunha xente que está aquí, algún compañeiro, que tivo tempo para alegar, protestar, etc, lembro tamén o que pasou coa reforma de Rocafort e as consecuencias que isto tivo, e, como acaba de dicir agora a señora Vanesa Rodríguez, por desgraza, aquí faise política, lembremos que en Sanxenxo eramos catro, pasamos a ser tres, agora quedan dos, e igual, mañá, hai un. Como se mencionou xa máis dunha vez, o importante son os veciños de Sanxenxo e eu vou apoiar o que é mellor para Sanxenxo e máis cando considero que ten que ser así, porque ninguén pode decidir por nosoutros e menos cando no hai un convenio, nin nada que poida tomar a decisión de poñer o prezo da auga que queiran certas persoas ou representantes, así de simple. Este é un tema que vai, como xa se dixo aquí, para trinta anos, ou o que sexa, non se se sabedes que onte se desclasificaron papeis de fai cincuenta

años, e resulta que onte, aínda había xente que dicía que os había que gardar algúns anos mais, coma se non chegasen cincuenta. Pois isto é o mesmo, van vinte ou trinta anos sen arranxar o problema e o que non podemos facer é deixalo outros dez ou quince anos sen arranxar. O que hai que facer é arranxar as cousas e iso o temos que facer todos os que que estamos neste salón, non soamente o goberno, senón todos. E, por último, lembrarlle aos veciños de Sanxenxo que viven entre nós, que hai que ter un uso racional da auga, a auga hai que usala coa cabeza e non despilfarrala e, senón, en cen anos, imos ter problemas todos.

Sr. Otero Domínguez: pois se, aquí estamos para defender os intereses dos veciños de Sanxenxo, o que pasa e que me parece a min, que algúns falan moito de defender os intereses e despois, na práctica, nada de nada e, obviamente, estoume referindo a vostedes, e concretamente ao señor Telmo Martín e vou explicar porque. A primeira cousa é que vostede falou dun organismo bastante, imos chamarlle, como mínimo, bastante irresponsable, que se chama “Augas de Galicia”. Augas de Galicia, nunha depuradora que está producindo a auga da que nos somos usuarios e maioritarios mesmo, pois resulta que durante anos cargáronlle o morto do mantemento e os gastos da explotación a unha empresa, que é a nosa concesionaria, durante mais dunha década, con débedas contraídas que ninguén se responsabiliza delas e, entón, dedúcese que Augas de Galicia ten por costume non facerse responsable absolutamente de nada que non lle interese e iso coñéceo o señor Guisasola, está aí, unha das cuestións que repito, sucede coa depuradora de “Dena”, e dicir neste momento hai unha empresa que lle quedou a débeda, Augas de Galicia partiu de cero desde o ano 2015. En todo caso e referido a planta de depuración de augas de Pontevedra, claro que debía ser Augas de Galicia quen se fixese cargo, e ¿por qué non o fixo? Porque non lle interesa, unha vez mais. E dicir, aí hai uns mantementos e uns gastos de explotación e, evidentemente, Augas de Galicia nin está nin se lle espera, e polo tanto hai un papel irresponsable que ten que ver co organismo público autonómico que, obviamente, debía encargarse de todas as plantas de depuración e as plantas de subministración de auga potable, pero, como digo, parece ser que están a outras cousas e non precisamente a facer o seu traballo. Referido á cuestión do que se fixo ou que se conseguiu en dous anos, mire, aquí hai un documento que é do ano 2003, e dicir, o señor Telmo Martín, daquela alcalde de Sanxenxo, outra vez alcalde hoxe e, polo tanto isto xa ven de moi atrás, pero cando se fala de que non existe un convenio como ten Sanxenxo, eu creo que a señora alcaldesa de Marín non é do Bloque, é do PP, polo tanto hai un convenio que asinou fai catro anos entre o Concello de Pontevedra e o Concello de Marín respecto deste tema. Obviamente aí hai unha negociación, obviamente aí hai unha posición común entre dous concellos. A cuestión do consorcio, pois mire, vostede pregunta o que se fixo, porque claro nos estabamos aquí para resolver problemas de hai vinte anos en dous anos, se nos deixan catro seguramente isto quedaría de forma definitiva, pero vostedes deixan pasar unha cuestión, que é que no propio prego se fala da posibilidade de compoñer un consorcio. Iso non obedece a casualidade, iso é un tema que trasladamos ou trasladéi persoalmente ao Concello de Pontevedra e onde tamén outros concellos, como o caso de Bueu, tamén observa esa posibilidade. Polo tanto, que se inclúa iso na proposta de prego non é casual, deixase aberta esa posibilidade e iso obedece, pois se, a esas charlas, negociacións que non concluíron, porque non se nos deixou cumprir a etapa de goberno. Pero en todo caso reflíctese que non é así e, con iso, xa podemos dicir que se fixo bastante sobre o que fixeron vostedes. Vostedes, á parte de ir aos xulgados, non se sabe outra xestión. Pero desde logo hai outra cuestión que é sumamente interesante, se o Concello de Pontevedra lle está facturando e aproveitándose de forma lucrativa, dunha forma inaceptable de Sanxenxo, este señor que se senta aquí, sendo alcalde de novo, foi alcalde de Sanxenxo, foise a Pontevedra, e dígame unha cousa: se estando na Corporación de Pontevedra, ti que ves da Corporación de Sanxenxo, nada menos que de ser alcalde, e sabes ou deduces que o

Concello de Pontevedra lle está facturando a auga ao Concello de Sanxenxo e estás en desacordo, hai que facelo constar, hai motivos e oportunidades, á conta xeral anual do Concello de Pontevedra. “Non estamos de acordo, Telmo Martín González, como concelleiro e xefe da oposición, non está de acordo co prezo que lle factura Pontevedra a Sanxenxo”. Obviamente, daquela estaba noutra cousa, non quería quedar mal cos veciños de Pontevedra. Tivo a oportunidade, cada vez que se actualizaba a taxa da auga en alta, de facer constar que estaba en desacordo. Mire, esta é unha das innumerables actas que hai de Pontevedra, e non hai nin unha soa referencia do señor Telmo Martín, sendo concelleiro da oposición en Pontevedra, a inxustiza, presunta, de cobrarlle ou facturarlle un prezo abusivo ao Concello de Sanxenxo. Entón é evidente que non é crible agora que a alcaldía de Sanxenxo estea moi preocupado por este tema, porque repito, hai que antepoñer a dignidade e o sentido común para se, efectivamente, se está en desacordo con esta cuestión, que se resolva. Pero é mais, a que está a sacar todo o debate referido ao prezo da auga, como se este contencioso ten algo que ver en canto a se hai unha solución definitiva ao tema. Obviamente non se vai dar. O tema do consorcio inclúese, como posibilidade, no prego técnico e obedece a unha cuestión trasladada pola miña parte, na miña etapa de goberno e tamén por outros alcaldes, cito e repito, o alcalde, neste caso, do Concello de Bueu. A alcaldesa de Marín parece ser que non amosa ningún tipo de interese en facer ningún consorcio, creo que chegaron a un acordo sobre a débeda acumulada e polo tanto non lle interesou ou non está moi interesada en facer un consorcio, porque obviamente o consorcio farase para todos, pero todos sabemos que nunha negociación para facer un consorcio, tamén hai que ver o que nos convén, desde o punto de vista de que todo o mundo vai poñer encima da mesa os investimentos efectuados, porque iso de partir de cero, iso como que non. Iso de partir de cero sabemos, de antemán, que nunha negociación ninguén parte de cero, todos ou alguén, terá que facerse cargo e, a partir de aí, hai que asumir gastos de explotación, hai que asumir gastos de mantemento, e polo tanto digo que deberíamos sondar, de forma real e efectiva, a posibilidade de facer un consorcio, pero cos números encima da mesa, non vaia ser que encarezamos, aínda mais, o prezo de auga de alta. Polo tanto estas son as circunstancias e este contencioso administrativo que se presenta non vai resolver o conflito, o único que vai provocar é mais noticias de prensa, pero como digo, onde se houbo unha oportunidade perdida dun novo plantexamento da propia Corporación de Pontevedra, o señor Telmo Martín, sendo xefe da oposición e tendo un número moi considerable, non pode permitir desde alí, que o Concello de Pontevedra lle facture a auga aos concellos do entorno, hai unha oportunidade perdida inequívoca, o que pasa e que, naquel momento, o mais importante posiblemente sexan os votos de Pontevedra e entón non lle interesaba o tema. Agora volve a Sanxenxo e volve a interesarlle o tema. Isto é, efectivamente, como algún río que aparece e desaparece, ¿verdade? O Guadiana, creo que é. E entón isto é o que hai, mais palabrería, mais contenciosos e mais, deteriorar a vida política entre concellos, pero, en todo caso, resolver cero, nada. Esta é a realidade na que nos atopamos, polo tanto, como di vostede, outra vez ás cruzadas, pero desde o punto de vista da resolución, nada.

Sr. alcalde: Sr. Otero, antes de darlle a palabra a Sra Deza, non aclarou vostede, na segunda intervención, cal era a súa posición do voto, pero bo, parece que ese non era un tema importante.

Sra. Deza Martínez: en primeiro lugar di vostede que incorporaron a posibilidade dun consorcio grazas a petición súa, non mire, iso xa ven da sentenza que ven derivada da etapa de Telmo Martín. Xa nesa sentenza recollíase que tiña que ser a través dun convenio, consorcio, e mais, “Acuaes”, a empresa que xestiona as cuncas hidrográficas españolas, xa puxo que tiña que ser a través de consorcio, convenio ou por mancomunidade, non por unha petición súa. Respecto da alcaldesa de Marín, dixo agora vostede que fixo un convenio con Pontevedra polo tema dunha débeda, polo tanto eu non vou a entrar aí e non me interesa tampouco o que faga Marín, o que

me interesa é defender, volvo repetir, defender os intereses dos veciños de Sanxenxo. E despois di o tema de Augas de Galicia, certo é, e xa dixen anteriormente que isto é unha infraestrutura intracomunitaria e polo tanto correspóndelle a Augas de Galicia xestionar todas as infraestruturas hidrográficas que son intracomunitarias, como esta. Agora ben, Augas de Galicia di vostede que ten que asumir esa ETAP, o que parece é que Pontevedra non quere soltar esa ETAP, porque o que se se deriva do prego de condicións de Pontevedra e que hai interese por parte de Pontevedra de xestionar esa ETAP, senón os 13 millóns de euros que aparecen no prego para obras, especificando as obras que quere facer Pontevedra, con cargo a todo o que van pagar os veciños dos seis concellos: Vilaboa, Bueu, Marín, Pontevedra, Poio e Sanxenxo, non só Pontevedra. Pontevedra que faga o que queira, pero que non busque facer infraestruturas no seu concello a través dos cartos dos veciños do resto dos concellos e menos cos cartos dos veciños de Sanxenxo. Mire, Sanxenxo paga a auga a 0,08, grazas a sentenza que houbo no seu día, mais o IPC que se foi derivando en todos estes anos, pero Pontevedra pretende cobrar esa auga en alta a 0,22, que podería chegar a 0,18. Vostede ve xusto ou vostede pensa que iso non incidiría en absoluto no recibo dos veciños de Sanxenxo, se nós pasarmos polo que di Pontevedra, que lle paguemos a auga a 0,18. Porque aquí hai unha cuestión clara, cóllese a auga do Lérez, esa auga non se pode beber, evidentemente hai que potabilizala, potabilizala custa tanto, polo tanto todos os concellos van ata esa ETAP, e a todos lles custa o mesmo esa auga nesa ETAP. Despois vir a Sanxenxo custará mais, porque non é o mesmo vir ata Sanxenxo que ir ata Pontevedra. Unha cuestión de infraestrutura, de subministración e, algo evidente, pola distribución. Pero, o que non pode facer Pontevedra e, de forma unilateral, dicir “non, potabilizar custa 0,08 pero a ti vouche cobrar 0,20”. Non, teremos que falar todos e decidir todos como ten que ser ese prezo da auga, non Pontevedra, pero claro, como os outros non din nada, quitado Sanxenxo, así tamén eu fago infraestruturas por 13 millóns de euros, con cargo aos cartos do resto dos concellos. Vamos polo contencioso, volvo repetir, porque o que non podemos facer é aquietarnos, porque senón pasaríanos o que lle pasou a Vigo e Porriño, que pola teoría dos actos consentidos podería derivarse que, nese caso, se Pontevedra chegaría a facer negocio, que é o que pretende o Concello de Pontevedra, pero nos queremos evitar iso, e nos o que queremos é, ante todo, defender aos veciños de Sanxenxo.

Sr. Otero Domínguez: pide, tras reclamarlle ao remate da súa anterior intervención o Sr. Alcalde que non fixo unha xustificación ou aclaración algunha sobre a decisión do seu voto, intervir para facer unha xustificación.

Sr. alcalde: dá paso ao Sr. Otero Domínguez para que faga a xustificación pedida.

Sr. Otero Domínguez: Simplemente unha cuestión moi breve. O punto que traemos aquí é sobre un apartado de redacción do prego, é cubrir o expediente, non resolve o asunto, porque isto que lle quede ben claro a todo o mundo, non é resolver un conflito ou desencontro non resolto, só cubre o expediente. A posibilidade de negociación debe iniciarse, debe emprenderse ou debe continuarse, sobre o que o iniciamos ou iniciéi persoalmente, invítoos a que cheguen a acordos, pero que ninguén se atribúa o mérito de defender os intereses dos veciños de Sanxenxo, como se os demais non o estivésemos facendo. Aquí o único que hai é un contencioso para corrixir un texto, non resolve o motivo de fondo e polo tanto terá vostede que admitir as críticas que corresponden, porque creo que hai unha anomalía que simplemente se lles pasou o deixaron pasar.

Sr. alcalde: moitas grazas señor Otero. Antes de pasar á votación, primeiro teño que dicirlle que efectivamente ten vostede razón, porque hai persoas que poden estar en Sanxenxo, en Meaño, ou en Pontevedra, ter unha empresa, volver a estar aquí, etc etc. E outros pois que non, que tiveron a oportunidade de estar nun goberno, como mínimo, catro anos, pero por non saber negociar, seguramente, están outra vez na oposición e, polo tanto, é verdade que non se defenden igual os intereses dos veciños desde a oposición que desde o goberno. Pero dito isto, eu quero dicir o verdadeiramente importante de polo que estamos hoxe aquí. Ten razón o Sr. Otero cando di que con isto facemos un pouco ou case nada, meterlle a china no zapato a Pontevedra, é un tema que explicou moi ben a Sra. Deza, nun caso parecido que houbo nun preito anterior entre o Concello de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo, gañou o Concello de Sanxenxo. Nun caso moi similar, practicamente idéntico, entre o Concello de Vigo e o Concello de Porriño, resulta que gañou Vigo, digamos que, por similitude, Vigo sería Pontevedra para entendernos. E ¿por qué gañou Vigo? Porque Porriño nunca fixo nada, entón polo feito do consentimento non gañaron o preito e teñen hoxe un problema, que están en vías de resolvelo, por outra vía, segundo teño entendido. ¿Que estamos a facer hoxe aquí? É dicirlle a Pontevedra que estamos atentos, que non tiñan que haber nomeado para nada a Sanxenxo, ou sexa, non haber tocado para nada nese prego o prezo en alta. Este preito, perdámolo ou o gañemos, non nos afecta en nada. ¿En que nos afecta? Na segunda parte, que é a que vou a explicar, para que hai que prepararse e resolvelo dunha vez por todas. Eu levo cinco meses ao fronte outra vez da alcaldía e atopeime con este problema agora e, estudando o problema, o primeiro que facemos é poñer un contencioso, para dicirlle a Pontevedra que non foi quen para meterse co prezo da auga en alta. As conchas hidrolóxicas de España correspóndelle ao Estado, cando pasa por varias Comunidades Autónomas, que se chaman intercomunitarias e intracomunitarias, como é o caso, cando transcorren por unha Comunidade Autónoma. O río Lérez transcorre todo el pola Comunidade Autónoma Galega. Por tanto, as competencias da auga do Lérez, correspóndenlle, polo estatuto de Autonomía, á Xunta de Galicia, neste caso ao organismo autónomo Augas de Galicia. Cando se fixo a ETAP de Pontevedra, como ven explicou a Sra. Deza, fíxose para que a auga do Lérez poidan consumila os cidadáns e, polo tanto, hai que potabilizala e, iso, fíxose a través dunha ETAP, unha estación de tratamentos de augas potables. Como ben explicou a Sra. Deza, todos os concellos que captamos auga do Lérez, temos que pagar a auga ao mesmo prezo para bebela desde ese depósito. A partir de aí cada concello ten unha peaxe que pagar polo longo do percorrido que ten esta infraestrutura, esa tubaxe. ¿Que prezo está pagando Sanxenxo a Pontevedra por captar auga do Lérez? O prezo que se acordou desde o principio, cando se fixo esa infraestrutura. Fíxose un estudo e saía o prezo “x”, ¿desde ese ano ata a data; que se fai? Pois aquel prezo, acordado, creo que aínda non existía a Xunta de Galicia, a través do Ministerio de Obras Públicas, polo organismo que fose, para todos os concellos da auga en alta. E, a partir de aí, cada ano, o IPC e, a día de hoxe, págase aquel prezo co IPC, que é o normal. Para cambiar ese prezo, porque ao mellor resulta que o prezo ten que ser mais ou ten que ser menos, hai que volver a facer un estudo. ¿Quen ten que facer ese estudo? Pois quedan dúas solucións: ou Augas de Galicia ou un consorcio, que é o que sería normal, entre os seis concellos e, dese estudio, sairá un prezo en alta, que teremos que pagar cada concello o que lle corresponda. Para facer ese segundo tema, que é o importante e sobre o que vostede non quixo pronunciarse, temos que facer estas actuacións de meternos co prego, porque non pode ser que, por feitos consentidos, o prego vaia para diante. Pontevedra fai un prego e dí. “mire vostede ¿quere vir a explotar auga de Pontevedra, señora empresa concesionaria? pois temos dous prezos, un en alta e outro en baixa, en baixa para os cidadáns, só de Pontevedra, o prezo en alta para subministrarlle, neste caso a Sanxenxo, vamos a poñer un prezo de 0.22 e, se do prezo de 0.22, baixa vostede ata 0.18, dámoslle uns puntos no prego e iso valorámolo en algo. Pero mire, se vostede, no prezo en baixa cos cidadáns de Pontevedra, baixa moito o prezo, entón beneficiámonos moito mais e iso ¿como queremos que o faga? Pois facendo obras por 13 millóns de euros no noso termo municipal, ou sexa, facendo negocio coa auga

de todos”. Dicia vostede que non fixemos nada co tema da auga nunca e que estivemos sempre calados e que, agora, xudicializamos o asunto. Vostede estará decatado, foi concelleiro desta casa de facenda, de que Pontevedra está intentando, a través dos fondos do Estado, cobrarnos os recibos pola porta de atrás, está intentando a través da executiva, claro non cobra nada, e agora vou a explicar o que está pasando. ¿Que fai o Concello de Pontevedra? O Concello de Pontevedra, a través da súa concesionaria, manda unha factura, creo que cada tres meses; non o lembro exactamente, ao Concello de Sanxenxo dicindo: “mira, aí che vai, a 0.18, o recibo deste consumo deste trimestre” Supoñendo 100.000, por poñer algo. E ¿Sanxenxo que fai? Sanxenxo colle a factura e a manda á concesionaria, aquí Espina & Delfin, e dille: “paga a factura”. Entón Espina & Delfin colle e di: “eu pago a factura, pero pago o prezo que está acordado desde un principio”, e que ben que gañamos ese preito que houbo no ano 2007, págoche ao prezo que corresponde, o que había acordado, mais o IPC e se a factura é 100.000, imaxínate que pagamos 50.000. Entón págase alí 50.000, e Pontevedra di: “non me estás pagando todo, débese, dixeron o outro día eles, creo lembrar, na prensa 1.800.000 €.Entón ¿que pasa? Que se está acumulando aí un tema que eles intentan cobrar e cremos que non teñen razón ningunha, entón ¿que vamos a facer proximamente? Estamos estudando, mire vostede, calquera cidadán ou calquera empresa, cando fai unha compra e chega unha factura e non está de acordo coa factura, porque cree que está en posesión da verdade; devolve a factura cun escrito: “mira mándame ben a factura, porque vén mal e entón non che vou a pagar en parte, non che vou a pagar nada, porque a factura consideramos que vén mal e vamos aclarar isto dunha vez por todas”. Espero ter o apoio do BNG para facer ese tema, porque se acabou a historia. Que é iso de mandar unha factura por 100.000 € e pagarlle a metade. Nin a metade nin nada, vostede mande a factura corrixida e, cando lle dean a razón, pagaremos o que teñamos que pagar. E o que vai a facer o Concello de Sanxenxo proximamente, estamos estudando a posibilidade, espero poder facelo así, non son eu quen para dicilo porque sexa alcalde, terán que ser os servizos técnicos e xurídicos e económicos desta casa os que avalen isto que estou a facer, pero é de sentido común, a ver quen dos que estamos aquí, lle chega unha factura un día e resulta que a factura non lle vén polo prezo acordado e despois di: “pago a metade”, non porque hai outras cousas, un IVE polo medio, unhas cousas das que eu non estou moi de acordo, polo tanto, rectifiquen vostedes a factura e a envían, e, senón queren, pois vamos outra vez a un contencioso, que xa perderon outro e iso é o normal, creo eu. É o que vamos facer, pero para facer esa segunda parte, hai que empezar con esta primeira, non vaia a ser o caso que nos pase o que lle pasou a Porriño e ante, ese risco, pois facémolo é punto, entón estamos atentos e, polo tanto, quen está xudicializando o tema non é o Concello de Sanxenxo, é o Concello de Pontevedra, intentando cobrar pola porta de atrás cartos dos veciños de Sanxenxo que non lle corresponden, iso é o que está pasando neste momento e que vostede, como Concelleiro de Facenda, que estivo dous anos ao fronte, debería de sabelo e se que non fixo absolutamente nada, pero este que lle fala, se o vai a facer e foi vostede responsable, durante dous anos, de seguir pagando as facturas, cousa que nos agora, non vamos a facer. Pode pasar unha cousa, que se lle ocorra a loquería, porque eu creo que foi un lapsus que tivo quen dixo iso, que non lembro quen foi, de que lle corten a auga aos veciños de Sanxenxo, porque a auga, explicouno ben o señor Agís, é de todos, que non é do grupo de goberno do Concello de Pontevedra, ou sexa, non é do BNG, é de todos. Entón estude vostede un pouco, que as cuncas hidrográficas de España teñen as súas competencias onde as teñen, neste caso, no Lérez correspóndelle, ben o dixo vostede tamén, a Augas de Galicia e non se preocupe, que estou convencido que, en pouco tempo, vaise conseguir facer, non sei se terá que ser un consorcio ou terá que ser outro sistema, para pagar pola auga o prezo razoable. Teño que dicir, antes de terminar a intervención, que estamos pasando tempos difíciles co tema da auga, porque desgrazadamente non chove moito e tamén pediría a todos os veciños de Sanxenxo que sexamos responsables a hora de consumir auga toda esta tempada, mentres non veñan tempos de choiva.

Non se producen mais intervencións e a **presidencia** someteu a **votación** a emenda da **Sra. Deza Martínez**, acadándose e o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Agís Balboa do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 0

Votos pola abstención: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. González-Haba Pérez do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, a **Corporación Municipal en Pleno**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, acordou incorporar a citada emenda á proposta da alcaldía.

A continuación a **presidencia** someteu a **votación** a proposta da alcaldía, coa incorporación da emenda, acadándose e o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Agís Balboa do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 0

Votos pola abstención: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. González-Haba Pérez do Grupo Municipal Mixto)

En consecuencia, a **Corporación Municipal en Pleno**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

--Interpoñer recurso contencioso administrativo contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra do 16 de agosto de 2017, aprobatorio do prego de condicións administrativas particulares, que regulan a licitación do servizo público de auga potable e saneamento do Concello de Pontevedra, incluído no expediente de contratación da xestión integral do ciclo da auga no citado concello e contra todos os acordos do Concello de Pontevedra que tivesen incidencia na aprobación deste prego.-----

2º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA, DE DATA 17/10/17, DE NOMEAMENTO DA CONCELLEIRA MARIA DEZA MARTÍNEZ COMO SEGUNDA TENENTE DE ALCALDE. Polo Sr. Secretario dáse conta do decreto da alcaldía de **17 de outubro de 2017**, que se transcribe literalmente a continuación:

“De conformidade co disposto nos artigos 20.1b), 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos artigos 61 e 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos art. 43 a 45, 46.1, 52, 53, 114 ao 118 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais **RESOLVO:**

PRIMEIRO: nomear a María Deza Martínez, 2ª tenente de alcalde.

SEGUNDO: da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que realice, notificándose ademais, persoalmente á interesada, e se publicará no “Boletín Oficial da Provincia”, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura.”

A Corporación deuse por enterada.-----

3º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, DE DATA 19/10/17, MEDIANTE O QUE SE MODIFICAN OS REPRESENTANTES NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS. Polo Sr. **Secretario** dáse conta do escrito de 19 de outubro de 2017 que se transcribe literalmente a continuación:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI. 44.075.425L, Concejal del Ayuntamiento de Sanxenxo en nombre y representación propia, y al amparo de lo establecido en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (Real Decreto 2568/1986), como Portavoz del GRUPO MIXTO, designa como representantes del GRUPO MIXTO en las distintas comisiones a los siguientes concejales/as:

-Para la Comisión de Asuntos Generales: se designa como representante a Roberto Carlos Agís Balboa y como suplente a M^a del Coral González-Haba Pérez.

-Para la Comisión de Asuntos Urbanísticos: se designa como representante a Roberto Carlos Agís Balboa y como suplente a M^a del Coral González-Haba Pérez.

-Para la Comisión de Asuntos Económicos: se designa como representante a Roberto Carlos Agís Balboa y como suplente a M^a del Coral González-Haba Pérez.

-Para la Comisión Informativa de estudio sobre la forma de gestión que se pretende para Turismo de Sanxenxo, S.L. y del servicio que se pretende dar en dicha empresa, se designa como representante a Roberto Carlos Agís Balboa y como suplente a M^a del Coral González-Haba Pérez.

-Para la Comisión Informativa de estudio sobre la forma de gestión que se pretende para Insula Sanxenxo y del servicio que se pretende dar en dicha empresa, se designa como representante a Roberto Carlos Agís Balboa y como suplente a M^a del Coral González-Haba Pérez.”

A Corporación deuse por enterada.-----

4º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL, DE DATA 23/10/17, MEDIANTE O QUE SE MODIFICA O REPRESENTANTE NA COMISIÓN INFORMATIVA DE ESTUDIO SOBRE A FORMA DE XESTIÓN QUE SE PRETENDE CON “INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.” E DO SERVIZO QUE SE PRETENDE PRESTAR. Polo Sr. **Secretario** dáse conta do escrito de 23 de outubro de 2017 que se transcribe literalmente a continuación:

“Gonzalo Gonzalo Pita con DNI 35.315.219-F como portavoz del Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.), comunico a los efectos oportunos que:

Para la COMISIÓN INFORMATIVA DE ESTUDIO SOBRE A FORMA DE XESTIÓN QUE SE PRETENDE CON INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L. E DO SERVIZO QUE SE PRETENDE PRESTAR” serán a partir de la fecha de hoy los siguientes:

- 1º. GONZALO GONZALO PITA.
- 2º. DANIEL FERNÁNDEZ PIÑEIRO (PRIMER SUPLENTE).
- 3º. JESUS PIÑEIRO MÉNDEZ (SEGUNDO SUPLENTE).

Para que surta a los efectos oportunos en Sanxenxo a 23 de OCTUBRE DE 2017.”

A Corporación deuse por enterada.-----

E non habendo máis asuntos de que tratar, a presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e cinco minutos, de todo o que, secretario **DOU FE:**